


ANEXO VI:

“PLAN DE CONTINXENCIA DA EEI AS DUNAS”

O Plan de Continxencia da EEI As Dunas ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun abrocho que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro.



ÍNDICE

1. ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ DUN ABROCHO	3
2. ABORDAXE DO CASO SOSPEITOSO CANDO ESTÁ NO CENTRO EDUCATIVO	5
3. PROCEDIMENTO DE MANEXO DO CASO CONFIRMADO E SEGUIMENTO DOS CONTACTOS	7
4. ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL	11
5. MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL	15


1 ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA PARICIÓ DUN ABROCHO

Abordaxe do caso sospeitoso cando está fora do centro educativo

1. **Non asistirán ao centro** o alumnado, docentes e outros profesionais que teñan **síntomas compatibles con COVID-19**, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.
2. Así mesmo, **poñeranse en contacto en 24/48 horas co seu centro de saúde ou consultorio médico para solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra, médico de atención primaria, mutua, se non conseguise contactar pode chamar ao 881002021**. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

Para documentar a ausencia por cuestións sanitarias derivadas da Covid-19 non será necesaria ningún xustificante médico, abondará co comprobante dos/as pais/nais ou titores/as legais. As ausencias derivadas desta causa terán a consideración de xustificadas aos efectos do protocolo de prevención de absentismo escolar.

3. **Os conviventes dunha persoa con síntomas compatibles coa Covid (alumno/a ou profesional) que se encontre á espera do resultado**, evitarán as interaccións sociais que sexan prescindibles ata que se confirme o resultado, pero non será necesario que garden corentena no domicilio, **podendo acudir tanto á escola como ao seu posto de traballo**.



2 ABORDAXE DO CASO SOSPEITOSO CANDO ESTÁ NO CENTRO EDUCATIVO

Os alumnos/as, persoal docente, persoal non docente que presenten sintomatoloxía compatible coa Covid-19 estando no centro educativo (febre maior de 37,5°C, tose seca, dificultade respiratoria, fatiga severa, cansazo, dor muscular, falta de olfacto, falta de gusto, odinofaxia e diarrea) serán considerados casos sospeitosos de infección por SARS-CoV-2, e deberán ser trasladados, á sala habilitada para o illamento con máscara cirúrxica, e acompañados dun profesor que tamén levará máscara cirúrxica. Como excepción, a persoa acompañante utilizará bata desbotable, máscara tipo FFP2 xunto cunha pantalla, no caso de que o alumno estea exento do uso da máscara por xustificación médica ou se trate dun/ha alumno/a de entre 3 e 6 aos, sen obrigatoriedade do uso da máscara. Esta sala de illamento deberá ter unha ventilación axeitada e estar provisto de xel hidroalcohólico, panos desbotables e papeleira de pedal.

Contactar co responsable do “Equipo COVID do Centro Educativo”.

Simultaneamente, o responsable de este equipo, deberá informar da situación a familia ou persoa de referencia, que deberá presentarse no centro a maior brevidade posible para levalo ao seu domicilio.


A continuación, a familia, persoa responsable ou o propio paciente (se está en condicións) poñerase en contacto telefónico co seu pediatra, médico de atención primaria, mutua. Se non conseguise contactar pode chamar ao 881002021. No caso de sintomatoloxía grave ou dificultade respiratoria severa de inicio brusco, chamará ao servizo de urxencias/061.

A persoa con síntomas compatibles coa Covid, considerase caso sospeitoso e deberá permanecer illado no seu domicilio ata dispoñer dos resultados das probas diagnósticas. Tamén permanecerán no domicilio os irmáns/as do caso sospeitoso escolarizados no mesmo centro ata o resultado das probas, por ser contactos familiares conviventes.

Os profesionais sanitarios serán os que valorarán a clínica, e prescribirán a realización das probas que consideren necesarias para confirmar o caso.

COVID-19 CIRCUÍTO DE ACTUACIÓN ANTE UN CASO SOSPEITOSO DE INFECCIÓN ACTIVA POR SARS-CoV-2 DUN ALUMNO/PER SOAL DOCENTE/PER SOAL NON DOCENTE NO INTERIOR DO CENTRO EDUCATIVO

ANEXO 2



3 PROCEDIMENTO DE MANEXO DO CASO CONFIRMADO E SEGUIMENTO DOS CONTACTOS

Dende a Consellería de Educación habilitase unha canle informática, denominada "EduCovid", específica para a comunicación dos datos básicos dos contactos próximos dos casos confirmados. A información será accesible para o persoal sanitario que determine a autoridade sanitaria e utilizarase para que a Central de Seguimento de Contactos alerte da existencia de casos positivos confirmados no centro. A canle informática subministrará de xeito seguro e con respecto á normativa de protección de datos os seguintes fluxos de información:

- Para comezar a identificación de contactos estreitos relacionados co centro educativo o antes posible, recomendase que o caso confirmado ou a persoa de referencia notifique o resultado positivo ao centro. Deste xeito, o Equipo Covid poderá comezar a recompilar a información necesaria para a identificación dos contactos estreitos.
- Sempre que ao Equipo Covid se lle notifique que existe unha persoa cun diagnóstico confirmado de COVID-19 no centro de ensino, deberá pórse en contacto coa Central de seguimento de contactos (CSC) para identificar os contactos estreitos do ámbito educativo. Poderá facelo a través do número de teléfono específico para educación, habilitado de **9 a 22h todos os días da semana:**

981 21 90 16.

- Como ocorre con calquera outro caso confirmado de COVID, a CSC porase en contacto co caso confirmado ou coa persoa de referencia, para facilitarlle as indicacións de illamento, realizar a enquisa epidemiolóxica e identificar os contactos estreitos do ámbito persoal do caso. Durante esta enquisa epidemiolóxica identifícase ao caso confirmado como estudante ou traballador dun centro de ensino. Deste xeito, unha vez localizado o centro, a CSC envía unha notificación ao Equipo Covid, a través da aplicación EduCOVID solicitando os contactos estreitos do caso que se produciran no ámbito educativo.
- Neste momento, se previamente non se fixo, o Equipo Covid deberá pórse en contacto coa CSC a través do número de teléfono **981 21 90 16.**
- Sempre será a CSC a que cargará a petición de contactos en EduCOVID, para o que identificará ao caso coa correspondente IdOrixe. Se a CSC atopa dificultades para localizar ao caso no centro concreto, facilitaralle a IdOrixe ao Equipo Covid e pediralle que realice

a súa carga en EduCOVID. En ningún caso se notificarán contactos estreitos por medios diferentes a EduCOVID.

- O persoal da CSC axudará ao Equipo Covid a identificar e elaborar a listaxe de contactos estreitos do caso. Estes contactos estreitos poderán seleccionarse da “Rede de contactos” proposta por EduCOVID, na que se inclúen compañeiros de clase, de comedor, de transporte, profesorado e outros (coma os recreos, etc...). Para esta determinación terase en conta o previsto no Anexo I BIS.

- Existe a posibilidade de que algún contacto estreito do caso non se atope dentro desta rede de contactos, polo que o Equipo Covid deberao incorporar de forma manual. Unha vez definida a listaxe de contactos estreitos que precisan corentena, e tras ser acordada co persoal asignado da CSC, o Equipo Covid enviará a listaxe de contactos estreitos á CSC a través da aplicación EduCOVID. No caso de que, conxuntamente coa CSC, non se identifiquen contactos estreitos no centro, premerase igualmente o botón “Notificar a Sanidade” sen seleccionar a ningunha persoa. Deste xeito, o estado do expediente pasará de “Petición de contactos” a “Contactos comunicados”, coa correspondente traza temporal.

- No descrito previamente asúmese que, se é o Equipo Covid quen lle notifica á CSC que no centro existe unha persoa cun diagnóstico confirmado de COVID-19, a CSC pode verificar esta información. Pode ocorrer que á CSC aínda non dispoña da información necesaria para facelo, polo que nesta circunstancia procederase do xeito seguinte:

- 1. Unha vez recibida a notificación, á CSC axudará a buscar indicios que verifiquen que se trata dun caso confirmado de COVID. Se hai información abondo, ou non é posible desbotar a información como resultado dun erro, o Equipo Covid cargará o caso en EduCOVID co IdOrixe 0000. Isto indicará que o caso aínda non está verificado.

- 2. Despois, procédese a identificar aos posibles contactos estreitos coma en calquera outro caso confirmado e gárdanse, pero non se notifican. Deste xeito, á CSC non lle chegará a listaxe de contactos estreitos e será a persoa directora do centro quen adiante esta información aos posibles contactos estreitos (a eles e só a eles). A dirección informará ás persoas afectadas que, conxuntamente coa CSC, determinouse que moi probablemente son contactos estreitos dun caso confirmado de COVID-19, polo que deben quedarse na casa en corentena.

- 3. Entre tanto, o resultado positivo chegará á CSC e haberá unha IdOrixe válida. Nese momento, a CSC chamará ao centro e facilitaralle esta IdOrixe, para que o Equipo Covid modifique o Id 0000 polo IdOrixe real. Unha vez feito isto, o centro educativo notificará a listaxe de contactos estreitos a través da aplicación e procederase de forma habitual, onde a CSC chamará aos contactos estreitos para enquisalos e iniciar o seguimento.

En todo este proceso, esixirase extremar a confidencialidade profesional acerca da información da persoa diagnosticada da COVID.

O rastrexo doutros eventuais contactos doutros ámbitos, incluídos os das actividades extraescolares non vinculadas ao centro, terán que ser recollidos pola autoridade sanitaria.

Tras a aparición dun caso confirmado da Covid-19 seguíanse, en todo momento, as instrucións da Autoridade Sanitaria. A CSC encargárase da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. A base de lexitimación legal para o intercambio de datos ten como fundamento o interese xeral na protección da saúde, polo que os datos do alumnado subministrados con consentimento dos representantes dos menores que obra nas bases de datos da Consellería de Educación poderán ser subministrados á autoridade sanitaria en cumprimento do deber de colaboración.

O equipo Covid de cada centro ten a obriga de segredo profesional sobre os datos sobre os que teña coñecemento por mor da aplicación do presente protocolo.

Quen conforma a rede de contactos nos centros educativos?

A definición da rede de contactos nos centros educativos establecece por aquelas persoas situadas a menos de 2 metros da persoa Covid positivo. Esta labor é a establecida para os Equipos Covid dos centros educativos.

1. No caso do transporte escolar: establecerase un radio de 2 metros para a identificar a rede de contactos de cada un dos/as alumnos/as
2. No caso de aulas, laboratorios, comedores e outros espazos: adoptárase o mesmo criterio do radio de 2 metros arredor da persoa positiva.

Quen identifica os contactos estreitos nos centros educativos?

A identificación dos contactos estreitos implica a avaliación individualizada doutras variables como o uso correcto da máscara, entre outros. Só a Autoridade Sanitaria (neste caso a Xefatura Territorial) pode identificar os contactos estreitos e decretar a corentena dos individuos.

Os criterios xerais do Servizo Galego de Saúde para a identificación dos contactos estreitos son os seguintes:


- **No primeiro ciclo de educación infantil**, entenderase contacto estreito a todas as persoas pertencentes ao grupo de convivencia estable, dado que neste ciclo, non hai obriga da utilización da máscara.
- **Para os niveis do segundo ciclo de educación infantil** e restantes por encima dos 6 anos, identificarase como contacto estreito a calquera persoa que puidese compartir espazo co confirmado a unha distancia <2 metros arredor do caso durante mais de 15 minutos salvo que se poida asegurar que se realizou un uso adecuado da máscara. A avaliación do uso adecuado da máscara será realizada polo profesor/titor da aula e/ou o responsable COVID-19 do centro educativo.
- **Os conviventes dos casos confirmados.**
- **Calquera profesional do centro educativo**, profesor ou outro traballador. Que compartise espazo cun caso confirmado a unha distancia <2 metros do caso sen a utilización correcta da máscara durante mais de 15 minutos.

Unha vez recibida a listaxe, a CSC, comunicaranse coas persoas propostas como contactos estreitos e realizaralle a enquisa epidemiolóxica, seguimento telefónico e detección de casos sospeitosos.

O seguimento dos contactos realizarase ata finalizar o período de corentena.

En determinadas situacións e tras a avaliación do risco, poderán establecerse pautas de seguimento específicas ante contactos estreitos que realicen actividades consideradas esenciais.

Unha vez estudados os contactos e establecidas as medidas de corentena para aqueles considerados como estreitos, as actividades docentes continuarán de forma normal, extremando as medidas de precaución e realizando una vixilancia pasiva do centro.



A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación determinará en cada caso o **número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena** o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, **poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas**, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade con seguintes supostos:

- A aparición **dun único caso** confirmado nunha aula poderá supoñer a **entrada en corentena da totalidade do grupo que conforma a aula e do profesorado asignado** a ese grupo.
- Cando exista unha detección de **3 casos positivos confirmados nos últimos 7 días** poderase acordar a medida do **peche do nivel educativo completo** onde xurdira o abrocho **ou**, de ser o caso, **da totalidade do centro educativo**.

A aparición dun **contaxio sospeitoso con posterior confirmación** é un suposto de **declaración obrigatoria** que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de **entrada en corentena de polo menos 10 días** a todas as persoas que teñan a consideración de contacto próximo.

A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao **ensino a distancia**. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

4 ACTUACIÓN PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

Durante o período de suspensión da actividade presencial a metodoloxía que se seguirá será a que segue:

Publicación na páxina web e/ou aula virtual de: actividades, vídeos nos que participe o profesorado, ligazóns a materiais de interese, informacións varias ás familias que lles poidan axudar na práctica diaria, videoconferencias a través da plataforma webex, etc.

As familias enviarán evidencias dos traballos efectuados co alumnado (vídeos, fotos, traballos escaneados, etc) á aula virtual ou ben ao correo electrónico que o profesorado lles facilitará para este fin.

Teranse en conta as necesidades tecnolóxicas de cada familia, que serán detectadas ao inicio de curso. A escola tentará dar solución ás mesmas con empréstito de recursos propios e a solicitude dos mesmos á Consellería se fose o caso.

Tamén se considerará a opción de pedir axuda ao Concello para subministrar estes recursos, así como tamén para aportar a documentación impresa ás familias que o precisasen se fose o caso.

Os obxectivos para o curso tentárase que non se vexan modificados, así coma os contidos a traballar.


A avaliación estará baseada nas evidencias que as familias aporten dos traballos realizados cos seus fillos e fillas, sempre tendo en consideración as particularidades de cada familia.

Neste contexto, as mestras titoras terán especial coidado en velar pola seguridade e o benestar do seu alumnado, tentando que ningún neno ou nena quede en situación de desamparo e tentando proporcionar os recursos precisos para que ninguén se vexa prexudicado, polo que se manterá un contacto permanente co alumnado e as súas familias, tanto para coñecer a evolución do estado de saúde como para continuar co ensino a distancia.

Realizaranse tarefas de desinfección profundas no centro.

Revisarase o protocolo para buscar posibles erros e facer as modificacións que se estimen oportunas.

Coordinarase co profesorado implicado as quendas de organización das diferentes fases para reactivar o ensino presencial se fose o caso.



 <p>XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA</p>	<p>ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL "AS DUNAS" Rúa Gondomar nº 9, 36340 Nigrán Telf/Fax:986380120 / 665832640 eei.dunas.panxon@edu.xunta.es http://www.edu.xunta.gal/centros/eeidunaspanxon/</p> 
---	--

Panxón, 16 de outubro de 2020

Estimadas familias:

Co obxectivo de prever diferentes escenarios que se poidan producir por mor da situación sanitaria, e tendo en conta a posibilidade de que se puidese producir algunha situación de ensino a distancia, é preciso coñecer as diferentes situacións familiares en canto a recursos tecnolóxicos e necesidades dos mesmos e así trasladar esta información para que dende a Consellería aporten solucións.

Pregamos polo tanto, que respondades a estas cuestións e que devolvedes o papel cuberto o luns 19.

Moitas grazas pola vosa colaboración.

FAMILIA DO ALUMNO/A: (nome e apelidos da nena ou neno)							
NA CASA DISPOÑEMOS DE: (poñer debaixo cantos hai de cada)				NA CASA TEMOS CONEXIÓN A INTERNET (rodea a resposta correcta)		NO TLF TEMOS CONEXIÓN A INTERNET (rodea a resposta correcta)	
ORDENADOR	TABLET	TELÉFONO MÓBIL	IMPRESORA	SÍ	NON	SÍ	NON

INDICA A CONTINUACIÓN SE TEDES ALGUNHA PARTICULARIDADE QUE PUIDESE DIFICULTAR O ENSINO A DISTANCIA, POR EXEMPLO, SE TEDES OS RECURSOS PERO NON SON SUFICIENTES PORQUE SON VARIOS IRMÁNS OS QUE OS EMPREGARÍAN, SE TEDES CONEXIÓN PERO NON É BOA, ETC.

5 MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

Finalizado o período de peche presencial da aula ou centro realizarase un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva. As fases establecidas para a reactivación son orientadoras, existindo a posibilidade de modificar tanto a súa duración como a porcentaxe do alumnado incluído en cada fase. O modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade. Sen prexuízo das medidas xenéricas establecidas no protocolo aprobado polas consellerías de Educación e Sanidade o centro ten previsto as seguintes fases de reincorporación:

Fase 1 (Adecuación dos espazos)

- **Finalizado o período de peche presencial da aula**, nivel educativo ou centro **realizarase un proceso de reactivación por fases** para o reinicio da actividade lectiva. As fases establecidas para a reactivación son orientadoras, existindo a posibilidade de modificar tanto a súa duración como a porcentaxe do alumnado incluídos en cada fase. O modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade.

O modelo proposto establece catro fases:

1. Fase 1 (Adecuación dos espazos)

Duración: Aínda que pode ter unha duración variable, aconséllase que sexa dunha semana. Nesta primeira fase, previa ao reinicio da actividade, será o equipo COVID do centro quen estableza as actuacións a desenvolver, en colaboración coas autoridades sanitarias e educativas.

Obxectivos:

- Análise da situación dos espazos e as súas necesidades.
- Adecuada distribución do espazo do alumnado, distribuíndo os pupitres de forma que se consiga unha distancia de máis de 1 metro entre eles (sempre que sexa posible).
- Redefinición dos circuítos de circulación interna.
- Reorganización das quendas de recreo para que se realicen de forma graduada.

2. Fase 2 (Formación de pequenos grupos)

Duración: 1 semana.

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 30%. Esta fase é fundamental para a adquisición polos alumnos das medidas de hixiene e distanciamento.

Obxectivos:

- Formar ao alumnado na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans.
- Definiranse uns obxectivos que deben ser cumpridos pola aula para pasar de fase.
- Utilización do espazos e circulación do alumnado polos corredores do centro.
- Formar ao alumnado nas medidas de distanciamento físico no recreo.**

- Informar ao alumnado das novas normas derivadas da pandemia no SARS-CoV-2

3. Fase 3 (Reforzo das medidas aprendidas en pequenos grupos)

Duración: 1 semana.

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 60%. Nesta fase o alumnado continuarán formándose nas medidas de hixiene e distanciamento físico cun grupo máis numeroso.

Obxectivos:

- Establecemento de criterios claros de entrada e saída do alumnado de forma progresiva.
- Continuación das medidas aprendidas na fase 2 cun número maior de alumnos.

4. Fase 4 (Fase de reactivación)

Duración: 1 semana

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 100% se fose posible manter dentro da aula 1 metro de distancia física. Nesta fase xa todos os/as alumnos/as coñecen as medidas necesarias no período de pandemia.

Obxectivos:

- Reforzo e fomento de hábitos aprendidos.
- Disposición en puntos estratéxicos de información visual clara para do alumnado.